



Debido á inminente celebración de eleccións a reitor da UDC, a Xunta de Persoal e o Comité de Empresa do PAS, queremos trasladar aos membros do noso colectivo e a quen lle resulte de interese unha información ecuánime e obxectiva respecto da visión que ten cada candidato sobre o noso colectivo do PAS.

Coa intención de darlle a máxima difusión posible, trasladámoslle as seguintes cuestións e pedímoslle que as súas respostas se axusten o máximo posible a dúas liñas e sexan o máis concretas posibles.

PREGUNTA:

1. Se vostede é elixido reitor, ¿pensa introducir algunha modificación substancial na estrutura da RPT de PAS funcionario?.

RESPOSTAS:

Armesto, Xosé Luís.

Ante os cambios derivados da adaptación ao EEES, é necesario facer modificacións nas actuais RPT, que se introducirán logo dunha análise pormenorizada de necesidades, así como da preceptiva negociación cos órganos de representacións dos traballadores.

Castedo, Luís

Inicialmente non creo axeitado facer modificación substancial algunha, sen facer un estudio previo das necesidades reais. Pero esta cuestión en concreto, terana que tratar a Xerencia cos representantes do PAS.

Navarrina, Fermín

A RPT deberá ser revisada periódicamente coa finalidade de axustala ás necesidades xerais da UDC (véxase páx. 57 do noso programa), sen que iso deba significar a introdución de modificacións substanciais, e no caso de ser necesarias negociarémolas cos representantes dos traballadores.

Pazos, Alejandro

Penso que calquera modificación ten que ser xustificada cunha análise pormenorizada das necesidades reais dos centros/servizos. A miña intención é levar adiante a revisión da RPT tal e como é preceptivo facer para adaptar as necesidades reais da UDC, dentro das posibilidades orzamentarias e sen dúbida ningunha en resposta ás necesidades razoables que se expoñan en cada caso.

Recuero, Manuel

Puesta al día y revisión periódica según lo estipulado



PREGUNTA:

2. Actualmente o PAS funcionario ten asinado un acordo de promocións dos que aínda están pendentes as convocatorias do ano 2012, se vostede e elixido reitor respectará o actual acordo e comprométese á planificación periódica da promoción do PAS funcionario?

RESPOSTAS:

Armesto, Xosé Luís.

Na pax. 19 do programa electoral lese: ... Cumprimento do actual acordo de promocións. Manterase ademais a política de promocións mediante a negociación e a sinatura de novos acordos, tanto no PAS funcionario como no laboral, dentro dos límites de dispoñibilidade orzamentaria.

Castedo, Luís

Por suposto. Os acordos asinados hai que respectalos e, no tocante á carreira profesional do PAS, no meu programa xa se contempla o establecemento dun plan de promoción e estabilización para os traballadores da UDC.

Navarrina, Fermín

Asumimos como propios os acordos e compromisos da UDC con calquera dos seus integrantes cara á promoción (se os nosos datos son correctos, trátase para o 2012 de trinta prazas de promoción). En canto ao futuro, somos partidarios de favorecer todo o posible a promoción do PAS funcionario (páx. 57).

Pazos, Alejandro

A dita planificación é xa obxecto de normativa estatal e autonómica de aplicación, outra forma de facer as causas non sería axustarse á normativa. De todos os xeitos, o gasto por encima da dispoñibilidade de crédito é nulo de pleno dereito, así que o primeiro é facer os axustes orzamentarios necesarios - e posibles - para levar adiante estes compromisos.

Recuero, Manuel

Se respetarán los acuerdos y se planificará la promoción del PAS



PREGUNTA:

3. ¿Pensa que actualmente a dotación global do PAS funcionario na UDC é suficiente?

RESPOSTAS:

Armesto, Xosé Luís.

Precisar, precisamos máis persoal. Ora ben, as circunstancias económicas son as que son, a pesar dos empeños doutras administración en que reduzamos os gastos en Capítulo 1 o noso obxectivo é manter todos os postos de traballo actualmente existentes.

Castedo, Luís

É claramente insuficiente, pero dado os tempos que nos toca temos que reorganizarnos para sacarlle o máximo partido aos recursos dos que dispoñemos.

Navarrina, Fermín

Se comparamos a ratio de profesor/PAS/, por exemplo, coas universidades da nosa contorna, semellaría suficiente esa “dotación global” (disculpade, pero paréceme que con este termo falemos de mesas ou ordenadores). Outra cousa ben distinta é que o actual organigrama sexa mellorable; por iso indicamos que “é preciso realizar un exame das nosas actuais carencias e necesidades” e contemplamos a posibilidade de “propor unha ampliación do persoal” (páx. 57).

Pazos, Alejandro

En tempos como os actuais todo se relativiza, non se pode facer pontificado de causas coas que non se traballa sen ter en conta os datos obxectivos e as demandas dos sectores implicados. Todo ten que ser froito de análise e sempre tendo en conta os criterios necesarios para facer unha decisión de peso que sexa asumible palas partes

Recuero, Manuel

Pienso que existen algunhas carencias y disfunciones, que trataremos de remediar



PREGUNTA:

4. Se vostede é elixido reitor, para mellorar o funcionamento da administración e dos servizos, ¿vai introducir manuais de procedementos e manuais de funcións?

RESPOSTAS:

Armesto, Xosé Luís.

Rematarase o proceso de elaboración das cartas de servizos. Nos últimos anos elaboráronse distintos regulamentos e procedementos que esixen ser harmonizados, a través dun programa de refundición normativa. Un dos principais retos que imos a afrontar nos vindeiros anos é a implantación da administración electrónica. Unha parte esencial desta implantación será a descrición de todos os procedementos en manuais de procedemento.

Castedo, Luís

Son imprescindibles para unha boa xestión, e como tal está recollido no meu programa electoral.

Navarrina, Fermín

No noso programa indicamos explicitamente que se van “redactar manuais de función e procedementos” consensuados co PAS (páx. 58).

Pazos, Alejandro

Indubidablemente, penso que é unha tarefa que ten que desenvolverse de forma inmediata e coa implicación de todos. É un traballo en equipo que estou seguro que todos estamos desexando facer para facilitar e homoxeneizar a xestión a todos os niveis e para mel/orar a confianza e a satisfacción, non só por parte dos usuarios dos servizos, senón tamén por parte do persoal na realización do seu traballo.

Recuero, Manuel

Es un compromiso programático que trataremos de cumprir



PREGUNTA:

5 Se vostede e elixido reitor, que equipo de xerencia pensa formar en canto a funcións e estrutura?

RESPOSTAS:

Armesto, Xosé Luís.

Haberá un novo equipo de xerencia, cun aumento de persoas e competencias. Aínda que a composición da xerencia non está pechada, previsiblemente estará composta por un/unha xerente e 3 vicexerentes..

Castedo, Luís

Un xerente e dous vicexerentes..

Navarrina, Fermín

Un Xerente con perfil de alta dirección, acompañado por dous vicexerentes, un adicado a recursos humanos e outro a asuntos económicos.

Pazos, Alejandro

A persoa titular da xerencia, co criterio que un bo xestor ten que ter, e á vista do estado das cousas á súa chegada, pode propor cambios estruturais se é funcionalmente necesario e achega mel/oras na xestión. A creación de servizos sen sentido ningún, a ramificación excesiva ou póla contra, a excesiva focalización de funcións afecta de xeito directo ao funcionamento e a á imaxe da institución, mais igualmente á realización axeitada das tarefas dos traballadores.

Recuero, Manuel

Un gerente a ser posible de la misma universidad y dos vicegerencias



PREGUNTA:

6. ¿Considera axeitada a porcentaxe de representación do PAS (9%) nos órganos de goberno da universidade?

RESPOSTAS:

Armesto, Xosé Luís.

Foi o grupo de Nova Luce, ao que pertenzo, quen propuxo a modificou os Estatutos para elevar a representación dos estudantes (do 25% ao 28%) e do PAS (do 5% ao 9%). Son un firme defensor na universidade do “gobierno de nós” e non da “gobernanza doutros”.

Castedo, Luís

Paréceme unha porcentaxe baixa, porque aínda que é un colectivo inferior en número con respecto aos outros á súa implicación no funcionamento da Universidade é permanente e o alto grado de participación deste colectivo nas eleccións é unha clara mostra do seu compromiso coa institución.

Navarrina, Fermín

Creo que é unha porcentaxe baixa, pero non quero facer demagogia e, posto que se trata de cifras fixadas na última modificación dos Estatutos e que na actual situación non parece que reformalos sexa unha prioridade, é unha cuestión que deberá revisarse máis adiante.

Pazos, Alejandro

O persoal de administración e servizos é unha parte capital da comunidade universitaria e, como o resto do PDI denominado "Restantes categorías do PDI"; considero que ámbolos dous están representados por baixo das súas expectativas: Importantes son estudantes, básica a existencia de profesores e investigadores, pero tamén esencial é a do PAS para os obxectivos da universidade.

Recuero, Manuel

Es mejorable y revisable, pero en principio no tenemos ninguna propuesta de cambio estatutario



PREGUNTA:

7. ¿Continuará a UDC designando aos seus representantes nos tribunais de acceso á escala de bibliotecas entre funcionarios que non pertencen as ditas escalas especiais?

RESPOSTAS:

Armesto, Xosé Luís.

Os tribunais seguirán a estar formados exclusivamente por PAS, e, lóxicamente, entre os seus membros haberá especialistas nas materias das probas. Entendo que é pertinente que nestes tribunais exista unha certa diversidade de perfís dos seus membros.

Castedo, Luís

Descoñezo como se designan actualmente, pero parece lóxico que os tribunais desta escala específica estean compostos por especialistas de biblioteconomía, arquivística e documentación.

Navarrina, Fermín

Parece existir unha certa discrecionalidade na designación dos representantes da UDC nos tribunais de acceso á escala de Bibliotecas; consideramos o máis lóxico que estes postos sexan ocupados por especialistas nesa área.

Pazos, Alejandro

A normativa vixente para selección de persoal, por unha banda específica que os membros de tribunal non poder actuar en representación, por outra, fala de obrigatoriedade de nivel, pero non de contido, da titulación dos membros en relación coa esixida nas probas. É, de todos os xeitos, recomendable que se hai dispoñibilidade se poida contar con persoal que pertenza á mesma escala.

Recuero, Manuel

En la medida de lo posible no



PREGUNTA:

8. ¿Comprométese a manter as retribucións do PAS na mesma porcentaxe que actualmente se aplica respecto do total de gasto do capítulo I?

RESPOSTAS:

Armesto, Xosé Luís.

En liñas xerais, si..

Castedo, Luís

Si, sempre que as circunstancias actuais o permitan.

Navarrina, Fermín

É a nosa intención evitar todo tipo de discriminación na UDC; polo tanto, mentres as cifras de PAS e PDI se manteñan nos parámetros actuais e os conceptos retributivos non varíen en liñas xerais, os incrementos retributivos que obteña calquera colectivo deberían ser proporcionais aos dos restantes membros da comunidade universitaria. Naturalmente, se o número de integrantes do PAS, debido a un proceso de ampliación de plantilla, aumentase con respecto aos restantes membros da comunidade incluídos no capítulo I, a porcentaxe que actualmente se aplica debería tamén incrementarse. En todo caso, este é un principio xeral que non afecta exclusivamente ás retribucións (véxase a resposta á pregunta 16).

Pazos, Alejandro

A intención é mantela, e idealmente e, cando sexa posible, incrementalala paralelamente á de persoal PDI respondendo á lóxica evolución que demanda unha axeitada - e non improvisada- adaptación ao EEES; porén, a peza chave é, loxicamente o financiamento e obviamente as necesidades reais e xustificadas que se vaian manifestando co tempo e que non podan solucionarse doutro xeito sen prexudicar o funcionamento da institución e o cadro de persoal

Recuero, Manuel

Me atendré a lo que esté estipulado



PREGUNTA:

9. En cuestións como a contratación do persoal a través das listaxes de agarda, ou a concesión de comisións de servizos, optaría por un sistema discrecional ou regulamentado?

RESPOSTAS:

Armesto, Xosé Luís.

Sempre optei por sistemas regulamentados. De feito nos últimos 8 anos aprobáronse todas as normas das que se dotou a UDC ao respecto. No entanto, se for conveniente introducir modificacións nas normas vixentes, faranse logo da súa negociación.

Castedo, Luís

Considero que un sistema regulamentado sempre é máis transparente.

Navarrina, Fermín

A este respecto existe unha regulamentación establecida con data 15 de xullo de 2011 na que se dirimen situación de empate ou se aportan solución ao esgotamento de candidatos nalgunha das opción de campus (Coruña ou Ferrol). Na nosa opinión é mellor optar sempre por unha solución regulamentarista que deixar estes temas á discrecionalidade. En todo caso, se se considera necesario introducir modificacións nestes apartados ou en calquera outro aspecto normativo, é o noso compromiso facelo de acordo cos representantes do PAS.

Pazos, Alejandro

Claramente regulamentado e mellorado. Os interinos poderían ir adquirindo puntuación por traballar en áreas como asuntos económicos, ou xestión académica, nas que o desenvolvemento do traballo precisa dun período de formación previa, para que a incorporación de novo persoal non supoña demoras no traballo. Sería tamén interesante que os interinos puidesen ter acceso a vacantes de maior duración que se xerasen mentres ocupan outros postos, tal e como xa se fai noutras universidades.

Recuero, Manuel

Procuraremos reglamentarlo



PREGUNTA:

10. Qué prazas se incluírán na RPT que vostede presentará? Reflectirá a RPT que vostede presente as necesidades estruturais da Universidade incluíndo os postos que se veñen realizando, de xeito sistemático, por ETT's, bolseiros en postos de PAS, contratos con cargo a convenios ...?

RESPOSTAS:

Armesto, Xosé Luís.

A única previsión de inclusión de novos postos de traballo é a correspondente ao PAS laboral, que incluírá as prazas que están a día de hoxe cubertas con persoal "fóra de catálogo".

Castedo, Luís

A RPT debe ser un fiel reflexo das necesidades reais. Figurarán todos os postos con funcións propias do PAS, garantindo que todos sexan cubertos por persoal da plantilla.

Navarrina, Fermín

Como xa indicamos antes (e figura no noso programa) é a nosa intención realizar, previamente á revisión da RPT, un exame das necesidades e carencias que se detecten e dese exame dependerá a estrutura de RPT que se propoña; non podemos, por tanto, detallar neste momento que prazas se incluírán. O que si podemos indicar con claridade, e así figura no noso programa, e que na procura dunha maior profesionalización, "nin o PDI debe realizar función correspondentes ao PAS nin o PAS debe verse substituído nelas por bolseiros nin por persoal proveniente de Empresas de Traballo Temporal" (páx. 57).

Pazos, Alejandro

Unha das premisas é o recoñecer aos contratados con cargo ao capítulo VI os seus indubidables dereitos como traballadores da UDC, negociando a súa incorporación ao colectivo de PAS ou PDI segundo proceda. Non me gusta unha Universidade con "castas" no seu persoal e non pode haber persoal de segunda. Para iso será necesario ir incorporando eses postos á RPT. O tema das ETT's e complicado, pero habería que lle dar solución xa que existen casos con moitos anos de traballo na universidade, sería un debaldimento de valiosos recursos humanos en tempos de crise como os actuais pero temos que facelo tendo en conta os órganos de representación dos Traballadores

Recuero, Manuel

Habrá una clara diferenciación entre puestos estatutarios y servicios de otro tipo



PREGUNTA:

11. Respecto da profesionalización da xestión: ¿Está disposto a que todos os postos de responsabilidade relacionados coa xestión estean desenvolvidos por PAS e, polo tanto, aparezan esas categorías profesionais na RPT?.

RESPOSTAS:

Armesto, Xosé Luís.

O persoal de administración e servizos é a quen corresponde desenvolver a xestión. Ademais do equipo de goberno existirá un número moi limitado de responsables políticos sobre determinadas materias que non interferirán no labor propio do PAS.

Castedo, Luís

No meu programa electoral propoñemos como unha medida de eficacia, aforro e moderación do gasto promover que os postos de máxima responsabilidade administrativa dos servizos e dos centros sexan ocupados por PAS.

Navarrina, Fermín

Completando aquí o que xa indicamos na nosa resposta anterior, podemos engadir que pretendemos que todos os postos técnicos de xestión poidan ser desenvolvidos por PAS, agás un moi reducido número que teñan unha clara faciana académica (por exemplo, o posto de Director *científico* do Servizo de Publicacións, que debe ser desempeñado por un profesor)

Pazos, Alejandro

É unha intención que ben podedes deducir das respostas anteriores.

Recuero, Manuel

Ya comentamos que es un punto programático importante consensuar, aprobar y, por supuesto, aplicar una nueva RPT



PREGUNTA:

12. En canto aos procesos selectivos, ¿Adquire vostede o compromiso de proseguir, rematar ou no seu caso iniciar, de xeito inmediato, a realización de todos os procesos selectivos xa en marcha ou pendentes, completando a execución da RPT do PAS laboral de 2005?

RESPOSTAS:

Armesto, Xosé Luís.

Executaranse ao longo de 2012 na súa totalidade todos os procesos selectivos correspondentes as RPT vixentes, a maioría xa publicados.

Castedo, Luís

Si. Hai que rematar os correspondentes á RPT do 2005 e tamén axilizar aqueles que se deriven da nosa actuación (próximas RPTs).

Navarrina, Fermín

Como indicamos na nosa resposta ao punto 2, estamos dispostos a asumir a realización de todos os procesos selectivos xa en marcha ou pendentes.

Pazos, Alejandro

De novo penso que xa quedou clara a miña intención: cumprimento da normativa ante todo. Se o atranco son as disponibilidades orzamentarias e non é suficiente o axuste xeneralizado en outras partidas para dotar a necesaria para o cumprimento do debido, se terá que adiar o mínimo imprescindible e, en ningún caso, poñendo estes compromisos ao final da cola de prioridades.

Recuero, Manuel

También como en una pregunta anterior, os reitero que se asumirán los compromisos adquiridos, intentando dar solución a los problemas hasta ahora enquistados



PREGUNTA:

13. Respecto da Transitoria II do Convenio Colectivo xa reflectida e incumprida no anterior convenio, é unha prioridade para o comité de empresa por diversas razóns, entre elas o quebranto económico que supón o seu atraso precisamente nas categorías con menores retribucións, e as trabas que supón para a mobilidade entre universidades. Consiste na promoción do grupo IV-B ao IV-A, así como a consecvente promoción do IV-A ao grupo III, tal como xa se levou a cabo na maioría das universidades, entre elas as de Santiago e Vigo.

¿Cumprirá de xeito inmediato este acordo reflectido no Convenio Colectivo?

RESPOSTAS:

Armesto, Xosé Luís.

Unha vez que a Xunta aprrobe o Plano de Sustentabilidade, aprobarase a nova RPT de PAS laboral, e de forma inmediata, executarase a Transitoria Segunda do III Convenio Colectivo.

Castedo, Luís

Como reitor, considero que é imprescindible respectar os acordos asinados previamente.

Navarrina, Fermín

Se cadra xa é innecesario, mais estamos dispostos a repetir unha vez máis o noso compromiso con todos os acordos acadados entre a UDC e os diversos colectivos, sen esquecer aqueles casos que afectan a grupos moi reducidos de traballadores (telefonistas, etc.) e procurando cumprilos coa maior brevidade. Máis alá disto, e pois se introduce na pregunta unha referencia á mobilidade, temos a declarada intención (páx. 58) de renovar o diálogo coas restantes universidades do SUG.

Pazos, Alejandro

Vexo que a problemática é reiterativa, tendo os datos obxectivos na man a resposta sería mais axeitada. Non podo mais que reiterarvos as intencións expresadas en respostas anteriores. A normativa, os cartos e a vontade son en calquera caso os factores de decisión, unha está clara, outra pode ser espiñosa en estes tempos pero susceptible de emenda, a vontade e positiva e ten que ser bilateral se o obxectivo é o cumprimento.

Recuero, Manuel

Como todos los compromisos adquiridos, aunque estén hasta ahora incumplidos, se solucionarán lo antes posible



PREGUNTA:

14. O EBEP reconece o dereito do persoal laboral á promoción e á carreira profesional, pero deixa o seu desenvolvemento ao ET e ao que se negocie no Convenio Colectivo. Podendo non só promocionar entre grupos, senón mediante o establecemento de subgrupos con retribucións distintas (desdoblamento).

Vostede adquire o compromiso de desenvolver unha carreira profesional no PAS laboral, permitindo tanto a promoción dentro do grupo como a promoción a un grupo e/ou subgrupo superior, cando se dispoña da titulación esixida?

RESPOSTAS:

Armesto, Xosé Luís.

Como xa se indica na páxina 19 do programa, faise unha aposta pola carreira profesional do PAS, co impulso á cualificación e á promoción horizontal e vertical dentro dos límites de dispoñibilidade orzamentaria.

Castedo, Luís

Non podo prometer algo tan ambicioso, sen coñecer o impacto económico que isto conleva. Sí me comprometo a establecer un plan de promoción para o PAS, e no caso concreto dos laborais, unha forma de articular esta posibilidade é mediante un proceso de funcionarización que facilite a promoción.

Navarrina, Fermín

Si. Comprometémonos no noso programa a facilitar a “promoción horizontal e vertical” (páx. 58) e a “establecer canles para a estabilización e promoción do PAS” (páx. 57), recorrendo ao mérito e á capacidade como criterios de valoración (páx. 57). Comprometémonos tamén a guiarnos en todo ese proceso a través do diálogo cos representantes dos traballadores.

Pazos, Alejandro

O desenvolvemento do EBEP no que atinxe á carreira profesional dos empregados públicos - laborais e funcionarios- está pendente de desenvolvemento na maioría das administracións, hai casos como o de Asturias no que xa está implementado, así que é unha tarefa pendente e non sinxela que é necesario iniciar e levar adiante de xeito impecable póla natureza básica da materia en cuestión.

Recuero, Manuel

Como ya os comentamos en nuestra reunión con vosotros, nuestra idea de gobierno es participativa por lo que estamos abiertos a negociar y llegar a acuerdos dentro de los marcos de la legislación y las normas ya aprobadas.



PREGUNTA:

15. En canto á funcionarización do PAS laboral, ¿entra dentro do seu programa un proxecto de funcionarización que respecte os dereitos adquiridos de todo o PAS?

RESPOSTAS:

Armesto, Xosé Luís.

Sempre me mostrei partidario de que todos os servidores públicos sexan todos funcionarios. A funcionarización do PAS laboral non aparece de forma explícita no meu programa electoral. Porén, se existir unha vontade para a funcionarización por parte do colectivo, abriríase unha negociación baixo os principios de non incremento de gasto para a UDC e os límites acadables fosen as condicións do PAS funcionario.

Castedo, Luís

O corpo único é un modelo que beneficia á universidade, xa que facilita a carreira profesional do colectivo e as promocións, e mellora a calidade global da xestión. O noso equipo de goberno pactará un proceso de funcionarización co comité de empresa en beneficio da calidade da xestión universitaria e a mellora laboral do colectivo PAS, respectando todos os dereitos adquiridos polo PAS.

Navarrina, Fermín

Faltaríamos á verdade se negásemos que na nosa concepción de cara onde debe camiñar a administración da UDC figura a idea de facilitar ao máximo a funcionarización do PAS laboral. Sabemos, con todo, que hai dentro deste colectivo persoas que non contemplan esta opción como a mellor e procuraremos respetar a súa actual situación, sen descartar para os restantes membros do colectivo ningún camiño que leve á estabilización e progresiva promoción de todo o PAS, tamén o laboral.

Pazos, Alejandro

Se é demandado de xeito maioritario polo colectivo interesado, non se podería facer doutra maneira ou xeraría partes prexudicadas.

Recuero, Manuel

Como en outros ámbitos, vuestro opinión y, sobre todo, la de vuestros representados es esencial en este tema. Si los PAS de cierto grupo, categoría o destino son favorables a la funcionarización, se estudiará dentro del marco legal para conseguir ese cambio.



PREGUNTA:

16. Respecto das retribucións, ¿está vostede disposto a facer exercicio da autonomía universitaria neste aspecto?

RESPOSTAS:

Armesto, Xosé Luís.

Son un firme defensor da autonomía universitaria, do respecto da lexislación vixente, e da contas saneadas das que actualmente goza a Universidade da Coruña.

Castedo, Luís

Dentro dos límites impostos pola lexislación e pola nosa capacidade económica, aplicaremos unha política salarial equitativa e buscaremos fórmulas que posibiliten aumentar o poder adquisitivo da comunidade universitaria.

Navarrina, Fermín

Si, neste e noutros aspectos estou disposto a facer exercicio da autonomía universitaria. Unha das propostas do noso programa é establecer para o PAS un plan voluntario de xubilacións semellante ao do PDI (páx. 59), pois é de estricta xustiza, aínda que outros parecen esquecelo, tal vez por contemplar a Universidades unicamente desde o prisma do profesorado.

Pazos, Alejandro

Penso que as retribucións teñen un compoñente orzamentario e normativo, a autonomía axustada a ambos compoñentes é perfectamente viable

Recuero, Manuel

Por supuesto que sí.